

## ANUNCIO

D. Xosé Represas Giráldez, alcalde do Concello de Ponteareas aprobou Resolución de data 09 de xullo de 2020, co número 2020-1886, co seguinte literal:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

#### **AMPLIACIÓN PRAZO PARA RESOLVER E NOTIFICAR**

*Visto que por Resolución de Alcaldía, 2020-1437 do 21 de maio de 2020, aprobase a convocatoria para a concesión de subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva ás comunidades de usuarios de augas de consumo do Concello de Ponteareas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2020.*

*-Visto que nas Bases Reguladoras no seu artigo 6. Resolución, notificación e modificación, establece que o prazo máximo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta convocatoria será de 15 días, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O cal finalizaría o día 13 de xullo e ante a imposibilidade de cumprir este prazo pola acumulación de traballo que se arrastra polo covid.*

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Ampliar o prazo 10 días hábiles para que a comisión de valoración poida realizar as oportunas xestións e valoracións da documentación presentada, quedando establecido o prazo ata o día 27 de xullo de 2020 para resolver e notificar.

**SEGUNDO.** Notificar a presente resolución a os interesados mediante publicación na sede electrónica do Concello de Ponteareas, <http://ponteareas.sedelectronica.gal> e na páxina Web: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

**RECURSOS.-** A presente Resolución non é susceptible de recurso, tal como se establece no artigo 23.1 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. “

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez  
(Documento asinado electronicamente)

